

Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 138, do 26.4.1991.

Emendas, BOPG núm. 167, do 11.7.1991.

Debate de totalidade, DSPG núm. 87, do 5.11.1991.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 263, do 4.5.1992.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 278, do 2.6.1992.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 278, do 2.6.1992.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 119, do 9.6.1992.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 296, do 4.7.1992.

Corrección de erros: DOG núm. 307, do 5.9.1992.

Diario Oficial de Galicia núm. 151, do 5.8.1992. Corrección de erros: DOG núm. 176, do 9.9.1992.

Boletín Oficial del Estado núm. 247, do 14.10.1992.

Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial

Pola Lei 1/200, foron modificados os artigos 5 e 17.

-Pola Lei 9/2017, do 26 de decembro, modifícanse os artigos 34 e 35.

O noso Estatuto de autonomía, no número 15 do seu artigo 27, atribúelle á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia de pesca fluvial e lacustre. Debido a esta habilitación o lexislador galego asumiu a potestade, pero tamén a responsabilidade, de velar pola conservación e o fomento dunha faceta de extraordinaria relevancia como é a que regula esta lei.

A presente norma supón un enfoque innovador do fenómeno da pesca continental no panorama lexislativo das comunidades autónomas españolas, debido a que se optou pola comprensión integral da referida actividade en detrimento da mera actualización de parcelas concretas da Lei do 20 de febreiro de 1942, como sucedeu noutros territorios. A devandita lei mantén un importante caudal de precisións técnicas aínda non superadas e, consecuentemente, recuperouse dela todo aquilo que implicase un beneficio para a pesca. Sen embargo, o novo marco legal definido pola nosa Constitución supuxo a súa prematura obsolescencia, feito acentuado pola promulgación de normas dictadas no desenvolvemento da mesma.

Galicia, terra dos dez mil ríos que dixo Álvaro Cunqueiro, é unha nacionalidade rica en recursos ictícolas, onde a pesca continental move un considerable número de afeccionados e medios económicos, á par que comprende unha crecente industria primaria e de servizos. Foi intención do lexislador compatibilizala necesaria e inescusable protección dun recurso, ó gozo do cal teñen dereito tódolos cidadáns segundo prevé o artigo 45 da Carta Magna española, co seu ordenado aproveitamento, que faciliten un marco estable de fomento da liberdade de empresa en sectores aínda nacentes no noso país, como é o turismo fluvial, e que poden beneficiarse do sistema de concesións aquí previstos, nunha liña de progreso económico sempre desexable.

Inicialmente, delimitábase dun xeito inequívoco o obxecto da lei, que versa acerca da conservación e do fomento de tódolos seres vivos das nosas augas continentais.

O título II contempla os diversos aproveitamentos dos que poden ser obxecto as devanditas augas, compatibilizando os usos, sistemas de explotación e posibles concesións dos que poidan ser obxec-

to, destacando principalmente a innovación de incluír no seu articulado a figura das concesións que tentan estimular unha nova forma de riqueza para esa Comunidade mediante o turismo, da que se beneficiará especialmente a Galicia rural.

Consciente o lexislador da importancia vital de conservar o noso medio ambiente, dándolles participación ós diferentes colectivos sociais que xiran en torno ó mundo da pesca, o título III da lei recolle todo o referente a restricións, fomento e medidas protectoras necesarias para o mantemento e estímulo da riqueza piscícola. Estas previsións compléméntanse de xeito especial cos medios de control sinalados no título IV.

Por último, concibiuse un mecanismo de infraccións e sancións respectuoso coa doutrina xurisprudencial sobre o dereito administrativo sancionador, pero á súa vez contundente e rigoroso en canto á protección dispensada ás augas e á riqueza ictícola, racionalizando ó mesmo tempo a esixibilidade da reparación do dano ocasionado polos responsables do mesmo.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de pesca fluvial.

Título I

Obxecto da lei

Artigo 1. Obxecto da lei.

1. A presente lei ten por obxecto a regulación da conservación, o fomento e o ordenado aproveitamento das poboacións piscícolas, e doutros seres vivos que habitan nas augas continentais da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Para os efectos desta lei, considéranse augas continentais as dos ríos, regueiros, regatos, encoros, lagoas e marismas.

A Xunta de Galicia establecerá nas zonas de desembocadura a forma en que cada Consellería exercerá as súas competencias para que a presente lei e as que afecten ás especies mariñas se cumpran.

Título II

Aproveitamentos

Capítulo I

Licencias, réximes especiais, permisos e matrículas

Artigo 2. Licencias e permisos para pescar.

1. O dereito de pescar correspóndelles a tódalas persoas, sen máis limitacións cás contidas na presente lei e as derivadas da

conservación e do fomento da riqueza piscícola.

2. Licencias.

Para poder pescar nas augas continentais galegas é imprescindible estar en posesión dunha licencia, que terá carácter persoal e intransferible.

3. Permisos.

Cando o tramo no que se desexe pescar se atope acoutado ou sometido a un réxime especial de pesca, ademais da licencia, requirirase estar en posesión do oportuno permiso para pescar.

4. As licencias e os permisos para pescar serán expedidos pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

Os requisitos para a obtención de licencias e permisos serán determinados regulamentariamente.

Artigo 3

Debido ás súas especiais características, e co fin dunha mellor regulación da pesca, determinadas masas de auga poderán ser acoutadas de xeito temporal ou permanente como: couto de pesca, couto de pesca intensiva e couto de pesca sen morte, entre outros.

Artigo 4. Embarcacións.

Só poderán utilizarse para a pesca embarcacións e artefactos boiantes inscritos e matriculados para este fin e que cumpran as condicións fixadas polas normas que desenvolve esta lei.

Capítulo II

Concesións

Artigo 5. Concesións.

A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes poderá outorgarlles concesións de aproveitamentos piscícolas ás asociacións ou sociedades de pescadores de carácter non lucrativo, con fins de fomento ou especial protección da pesca, que lles facilitarán o acceso ás mesmas ós pescadores ribeiráns. As concesións recaerán sobre tramos concretos de ríos, encoros e lagoas, nas condicións que se determinen regulamentariamente.

Estas concesións non darán outros dereitos sobre as augas, leitos e marxes de masa de auga que o exclusivo de pescar na forma e nas épocas preceptuadas na presente lei, e coas limitacións específicas que se establezan en cada prego de condicións. As entidades concesionarias encargaranse do coidado, da conservación, da promoción e da xestión dos recursos piscícolas.

Así mesmo, e co fin de fomentar-lo turismo, poderánselles outorgar concesións en tramos de encoros e lagoas a empresas que se encargarán, ademais do coidado e da conservación do ben obxecto da concesión, da súa promoción e da xestión dos recursos piscícolas do mesmo. Estas concesións requirirán para o seu outorgamento o informe favorable da Secretaría

Xeral para o Turismo, que estudará as súas condicións e velará polo seu cumprimento.

Tamén, e co mesmo fin, e mediante o sistema de concurso, poderanse outorgar lotes de permisos en zonas acoutadas destinadas a entidades de promoción ou empresas turísticas.

A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e a Secretaría Xeral para o Turismo determinarán os coutos con reserva de permisos, que en todo caso non poderán supera-lo dez por cento dos dispoñibles.

Artigo 6. Entidades colaboradoras.

Considéranse entidades colaboradoras as que realicen actividades ou investimentos en favor da riqueza piscícola das augas continentais galegas, así como na mellora da calidade do medio ambiente das devanditas augas e que teñan recoñecido tal carácter.

A condición de entidade colaboradora levará anexo o cumprimento das obrigas e mailo gozo dos beneficios que para tal condición establece a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, de conformidade coa lexislación vixente.

As entidades colaboradoras deberanse inscribir no rexistro que para tal efecto se estableza.

A determinación dos requisitos necesarios para a obtención da condición de entidade colaboradora establecerase regulamentaria-

mente.

Artigo 7

En cada unha das provincias e para o conxunto da Comunidade Autónoma existirá un Comité de Pesca Fluvial con funcións asesoras á Administración, e do que formarán parte, ademais de membros da mesma, representantes das asociacións relacionadas coa pesca e coa conservación da natureza.

Título III

Conservación e fomento da riqueza piscícola

Capítulo I

Restriccións ó aproveitamento piscícola

Artigo 8

A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes establecerá os períodos hábiles de pesca para as distintas especies piscícolas e demais seres vivos que habitan as augas continentais de Galicia, e adoptará as medidas excepcionais e os réximes especiais que se estimen pertinentes.

En caso de extremo empobrecemento dos recursos vivos das augas, ou cando circunstancias excepcionais o aconsellen, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, oído o Comité Galego de

Pesca Fluvial, poderá acorda-las medidas que estime pertinentes, mesmo a veda absoluta naquelas masas de auga que xulgue oportuno ou, se é o caso, a pesca sen morte como única modalidade autorizada.

Sempre que nunha masa de auga existan varias especies e algunha delas estea vedada, a veda entenderase nesa masa a tódalas especies que se capturen coa mesma modalidade ou cebo, salvo autorización expresa da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, que será publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 9. Restriccións temporais.

A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes poderá prohibir temporalmente o emprego de calquera arte ou modalidade de pesca, en toda ou en parte das augas continentais da Comunidade Autónoma, cando existan razóns hidrobiolóxicas que así o aconsellen. Esta prohibición deberase publicar no *Diario Oficial de Galicia* con expresión da súa motivación e a duración da mesma.

Artigo 10. Transporte e comercialización da pesca fluvial.

1. Queda prohibida a comercialización de calquera especie de salmónidos non procedentes de centros de produción autorizados en toda época, fose cal fose o sistema de captura.

2. Para posuír e transportar reos

ou salmóns e para comercializar calquera tipo de salmónido será condición indispensable que vaian provistos da documentación que acredite a súa procedencia legal. Os exemplares de reo e de salmón pescados ó amparo desta lei facilitaráselle-la documentación acreditativa da súa orixe.

3. As autoridades competentes poderán ordena-la inspección de locais públicos co obxecto de face-las comprobacións oportunas sobre posesión de guías, documentos de compra e calquera outro acreditativo daqueles extremos, quedando os titulares dos ditos locais obrigados a facilitaren as inspeccións.

Artigo 11. Canas de pescar e utensilios auxiliares.

Nas augas continentais da Comunidade Autónoma de Galicia, cada pescador só poderá utiliza-lo número de canas e os utensilios auxiliares que se detallan nas oportunas disposicións regulamentarias.

Artigo 12. Autorizacións especiais.

Para fins científicos, de repoboación ou para evita-la súa morte, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes poderá utiliza-la pesca e o transporte de especies acuícolas ou dos seus ovos en toda época do ano facendo uso de calquera dos métodos de captura previstos na presente lei, debendo en todo caso quedar fixadas as condi-

cións de expedición destas autorizacións especiais.

Capítulo II

Fomento das poboacións ictícolas

Artigo 13. Estudos e investigación.

A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes promoverá a realización dos estudos hidrolóxicos precisos das augas continentais da Comunidade Autónoma, así como a investigación, dedicándolles especial atención ós ríos habitados por salmón ou reo, e adaptará as súas actuacións para o fomento da riqueza ictícola ás conclusións e ós resultados dos devanditos estudos e programas de investigación.

Artigo 14. Desovadoiros.

A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá á delimitación e sinalización dos desovadoiros e prohibirá calquera alteración dos mesmos, salvo as que realice a propia Consellería ou autorice coa finalidade de protexelos, conservalos e melloralos.

Cando a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes estime que o baño ou outras actividades poidan supoñer a deterioración do desovadoiro, poderá adoptar as medidas precisas para a protección e conservación do mesmo, sinalizando, para tal efecto, as respectivas zonas onde se prohibisen estas actividades.

Artigo 15. Repoboacións piscí-

colas.

Soamente poderán realizar repoboacións ou soltas de espécimes piscícolas nas augas continentais os organismos dependentes da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes ou aqueles que esta autorice expresamente.

As entidades que teñan a concesión para o aproveitamento dalgunha masa de auga continental poderán, se é o caso, solicitar a realización directa de repoboacións piscícolas nas augas obxecto da concesión, se ben as especies, tipos ou variedades e métodos empregados requirirán a aprobación previa da Consellería para garantir a súa idoneidade. A dita aprobación incluírá as condicións e formas de executa-la súa repoboación.

Artigo 16. Repoboacións de vexetación en marxes e álveos.

Para tódolos efectos, declárase de interese xeral a conservación das formacións vexetais, así como a repoboación arbórea e arbustiva nas marxes dos ríos e regueiros con especies ripícolas ou de ribeiras, respectando as servidumes legais.

Para o aproveitamento e a utilización de calquera tipo de vexetación nas ribeiras dos ríos e das augas, e pola súa incidencia sobre as poboacións piscícolas, será necesaria a previa autorización da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

Artigo 17. Instalacións.

1. A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes fomentará a construción de piscifactorías, estacións de captura, desovadoiros artificiais, canles de crianza, laboratorios ictioxénicos e demais instalacións que sirvan para incrementar a riqueza piscícola das augas continentais de Galicia. Así mesmo, poderá autorizar traballos e construcións financiados por persoas físicas ou xurídicas que sirvan para contribuír á conservación e ó fomento desta riqueza.

2. As piscifactorías ou outras instalacións industriais autorizadas, con fins comerciais ou de repoboación piscícola, poderán producir especies piscícolas sempre que reúnan os requisitos legalmente esixidos e estean en posesión dos permisos establecidos na lexislación vixente.

Os proxectos deberán estar asinados por técnico competente e definirán os caudais necesarios, os sistemas de produción e as características de funcionamento da instalación.

A autorización para o funcionamento das piscifactorías ou instalacións industriais será concedida para cada proxecto pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, sen prexuício do outorgamento da correspondente concesión por parte da Administración hidráulica competente.

3. As industrias e instalacións

que produzan, transporten, almacenen, traten, recuperen ou eliminen residuos tóxicos ou que poidan poñer en perigo a biocenose das masas de auga da Comunidade Autónoma virán obrigadas a acata-las instrucións impartidas pola Consellería competente e a facilita-lo labor inspector, co obxecto de evitar ou reducir aquel perigo, sen prexuício do disposto na lexislación medioambiental.

Capítulo III

Medidas protectoras

Artigo 18. Ordenación dos aproveitamentos piscícolas.

A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes promoverá a ordenación axeitada dos aproveitamentos piscícolas a través de plans técnicos, que deberán comprender, como mínimo, a descrición das características das augas e os problemas que afecten ás comunidades piscícolas, a súa cuantificación e as posibilidades de potencialas e as medidas tendentes a mellora-lo seu estado, períodos de veda e topes de capturas aconsellables, período de revisión e mecanismo de seguimento.

Estes plans técnicos serán preceptivos en augas habitadas por salmón e reo, en todas aquelas que a Consellería considere de interese piscícola, e naquelas masas de

auga que sexan obxecto de concesión.

A súa aprobación publicarase no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 19. Protección dos recursos piscícolas.

O Consello da Xunta de Galicia, por proposta da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, poderá declarar determinados treitos de ríos como de «especial interese para a riqueza piscícola», fixando as medidas axeitadas para a súa protección, conservación, mantemento e mellora, que deberán ser, como mínimo, a elaboración do plan técnico e a relación de actuacións que deban levarse a cabo para protexer e melloralos recursos piscícolas, así como a fixación de veda ou dunha determinada modalidade de pesca que non supoña perigo para as especies de interese.

Artigo 20. Dimensións mínimas.

1. Deberanse devolver inmediatamente á auga tódolos exemplares capturados que non superen as dimensións mínimas que regulamentariamente establece a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

2. Entenderase por lonxitude, nos peixes, a distancia existente desde a extremidade anterior da cabeza ata o punto medio da parte posterior da aleta caudal ou cola estendida, e, para o cangrexo, a comprendida entre o ollo e a extre-

midade da cola tamén estendida.

3. Queda prohibida a pesca, posesión, circulación, comercialización e consumo dos exemplares que non alcancen as dimensións mínimas establecidas, agás no caso da anguía, que estará admitida no seu estado de angula.

Artigo 21. Obstáculos naturais.

A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes poderá acorda-la eliminación dos obstáculos naturais ou a súa modificación para facilita-la circulación dos peixes ó longo dos cursos de auga competencia da Comunidade Autónoma, especialmente nos ríos salmoneiros e de reos e, cando isto non sexa posible, o emprego dos medios substitutivos que aseguren o ciclo biolóxico da riqueza piscícola nos distintos treitos do río.

Artigo 22. Aproveitamentos hidráulicos.

As concesións de aproveitamento hidráulico deberán en todo tempo respecta-lo caudal ecolóxico necesario para facilita-lo normal desenvolvemento das poboacións piscícolas.

Nos procedementos que se substancien para a súa determinación polo organismo de conca competente, deberanse solicita-los informes necesarios da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

Toda variación do caudal do curso fluvial motivada por calquera tipo de aproveitamento hidráuli-

co deberase facer paulatinamente.

Establecerase na zona de influencia de caída de presas, encoiros e aproveitamentos hidráulicos a obrigatoriedade de instalar sinais acústicos ou luminosos que advirten suficientemente sobre a apertura de comportas ou o incremento de caudais fluviais por medios artificiais.

Artigo 23. Pasos e escalas.

As solicitudes e os proxectos de tódalas presas, diques ou canles que se pretendan construír nas masas acuícolas co obxecto de facilita-las migracións periódicas dos peixes ó longo dos cursos fluviais deberán presentar:

a) O estudio de avaliación do impacto ambiental, se é o caso.

b) A previsión da pertinente escala, paso, esclusa ou calquera outro dispositivo que permita o seu remonte para especies migratorias.

c) O mantemento en todo tempo do caudal ecolóxico que deberá verter pola escala ou polo paso necesario para asegura-lo movemento natural das especies.

Os organismos hidráulicos non autorizarán as obras ou os traballos que se vaian realizar nas masas de auga da Comunidade Autónoma de Galicia que incumpran o anteriormente establecido, agás que xustifiquen axeitadamente a imposibilidade da súa realización, debéndolle solicitar informe

previo á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

Nas presas e nos diques levantados con anterioridade a esta lei ou nos de nova construción onde non sexa posible construír un dispositivo de remonte estableceranse outras alternativas.

Artigo 24. Contaminación das augas.

Queda prohibido altera-la condición natural das augas con calquera tipo de produto contaminante que dane os ecosistemas fluviais, en especial a fauna piscícola, considerándose como tal todo aquel que produza unha alteración lesiva das condicións físicas, químicas ou biolóxicas das masas de augas continentais.

Se non houberse posibilidade de harmoniza-los intereses piscícolas cos dos concesionarios de aproveitamentos hidráulicos, industrias e explotacións que polo seu interese público deban ser preferentes, os donos e concesionarios quedarán obrigados a acata-las disposicións que dicte a Xunta de Galicia para conseguir que os vertidos non sobrepen os parámetros establecidos pola CEE para os ríos de salmónidos, sen prexuício do disposto na lexislación medioambiental.

Artigo 25. Alteración de fondos e marxes.

1. Precisarase informe preceptivo da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes para modifi-

ca-la vexetación das beiras e mares, sempre que esta afecte á zona de servidume das augas públicas.

No caso de que o informe sinala unha incidencia negativa desta modificación sobre as poboacións piscícolas ou a ecoloxía das augas, o organismo de conca deberá adoptar ou propoñerlle ó titular do aproveitamento as condicións necesarias para evita-lo impacto negativo.

2. Prohíbese modifica-los leitos e desvia-lo curso natural das augas públicas sen contar co informe pertinente da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, independentemente dos outros que sexan precisos.

3. Queda prohibido desvia-lo curso natural das augas, encoros e pantanos, dos leitos de derivación e das canles de navegación e rega para o aproveitamento da súa pesca sen o correspondente informe da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

4. Calquera concesión de extracción de áridos dos ríos deberá contar cun informe da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, no que se especifique que a devandita extracción non supón ningún perigo ou obstáculo para o remonte, a desova ou a vida da fauna ictícola.

Artigo 26. Reixas e outros dispositivos de control.

En toda obra de toma de auga,

así como a saída das canles de fábricas, muíños ou turbinas, deberá existir un dispositivo que impida o acceso da poboación ictícola ás ditas correntes de derivación ou achega. Os donos ou concesionarios están obrigados á súa colocación e mantemento en bo estado. A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes fixará o emprazamento, as dimensións, as características, os sistemas de precintado e control e as épocas do ano nas que debe permanecer operativo.

Artigo 27. Esgotamento de masas de auga.

Sempre que un particular ou unha entidade concesionaria dun aproveitamento hidráulico vaia proceder á anulación ou ó baleirado dunha masa de auga na que exista poboación ictícola, deberallo comunicar cunha antelación mínima de un mes ó órgano competente, que deberá notificarlo inmediatamente á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes para que esta estableza as medidas que haberán que adoptarse co obxecto de protexe-la citada poboación.

Os gastos derivados da toma de medidas necesarias para evitar mortandade de peixes ou riscos para a riqueza piscícola correrán por conta do concesionario, que igualmente será responsable dos danos e perdas ocasionados.

Título IV

O control e a policía das augas continentais

Artigo 28. Axentes da Gardería.

Sen prexuício do establecido na lexislación vixente, e malia as demais misións que desempeñen, os axentes da Gardería dependente da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes encargaranse especificamente de velar polo cumprimento dos preceptos establecidos nesta lei e de denuncia-las infraccións que contra a mesma se produzan, tendo, para tales efectos, a consideración de axentes da autoridade.

Artigo 29. Vixilantes xurados de pesca fluvial.

A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes poderalles outorga-lo título de «vixilante xurado de pesca fluvial» ás persoas que cumpran os requisitos que regulamentariamente se establezan, co obxecto de colaboraren no cumprimento do disposto nesta lei cos axentes da Gardería, coa Policía Autonómica e, se é o caso, coas Forzas de Seguridade do Estado ou de calquera outro corpo que teña funcións de policía e custodia dos recursos piscícolas e dos seus hábitats. Para estes efectos, terán a consideración de axentes da autoridade.

Título V

Prohibicións, infraccións, sancións e procedemento

sancionador

Capítulo I

Prohibicións

Artigo 30. Prohibicións en beneficio da pesca.

Queda prohibido en tódalas augas continentais da Comunidade Autónoma galega:

1.— Pescar con cana ou outras artes en época de veda.

2.— O emprego con fins de pesca de:

a) Calquera material explosivo ou substancia que ó contacto coa auga produza explosión.

b) Toda substancia venenosa para a poboación ictícola ou desoixenadora das augas.

c) A enerxía eléctrica.

3.— Bater nas augas, guindar pedras ou espantar de calquera xeito os peixes para obrígalos a fuxir en dirección das artes propias ou para que non caian nas alleas, así como cebar-las augas para atrae-los peixes ás artes propias.

4.— Pescar, con calquera tipo de arte, nas canles de derivación ou de rega.

5.— Pescar á man, con arma de fogo, golpea-las pedras que lles sirvan de refuxio ós peixes, así como a práctica da pesca subacuá-

tica.

6.— Reducir arbitrariamente o caudal das augas, altera-los leitos e destruí-la vexetación acuática ou de ribeira.

7.— A pesca de salmóns e de reos durante o seu descenso ó mar unha vez realizada a desova.

8.— Deteriorar, inutilizar ou trasladar sen autorización da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes os aparellos de incubación artificial que estean instalados nas augas continentais. Destruí-los desovadoiros, enturba-las augas ou guindar materias que os prexudiquen.

9.— Pescar salmóns ou reos nas rías e augas marítimas interiores competencia da Comunidade Autónoma.

10.— Pescar durante a costeira do salmón e reo nas entradas dos ríos ou nas zonas de paso destes.

11.— Facer seguimento dos desprazamentos de salmóns e reos por calquera sistema ou instalar medios que os detecten, salvo cando se conte con autorización expresa da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

12.— Empregar calquera outro procedemento de pesca que sexa declarado nocivo pola devandita Consellería.

Artigo 31. Obstáculos, instrumentos, artes e aparellos prohibidos.

1. Queda prohibida a construción ou colocación de calquera tipo de obstáculo, permanente ou transitorio, que sirva para encañiñala pesca para a súa captura.

Non obstante, poderán seguir utilizándose as pesqueiras existentes na actualidade, logo de autorización específica e individual da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, na que se describirán as condicións técnicas da súa utilización.

2. En augas continentais da Comunidade Autónoma galega non se poderá utilizar ningún tipo de rede ou artefacto de malla, excepto as nasas utilizadas na pesca de anguías e lampreas, sen que en ningún caso se poida supera-lo número de dez por pescador. Regulamentariamente determinaranse as formas e dimensións que deberán ter estas nasas, así como a distancia da beira á que poderán colocarse, podendo restrinxir ou mesmo prohibir temporalmente o seu uso.

Cando nalgún curso fluvial existan razóns que así o aconsellen, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes poderá autoriza-lo uso de redes ou artefactos de malla durante períodos determinados e en tramos concretos. Nos encoros que se atopen invadidos por especies non salmónidas e nos que o seu control ou aproveitamento comercial sexa desexable poderase autoriza-la pesca con rede.

Tamén se permitirá, para a pesca

do cangrexo, a utilización de trueiros e redefoles, no número que se estableza, que nunca será superior a dez por pescador.

3. Queda prohibida a pesca durante a noite, agás para lamprea, angulas e anguías, naqueles lugares onde o autorice a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes. Enténdese por pesca nocturna a que se practica no período comprendido entre unha hora despois da posta do sol e unha hora antes da saída. As artes empregadas nestes casos só serán aptas para a pesca das especies citadas.

4. Prohíbese o uso de artefactos luminosos con fins de pesca, excepto para a anguía e a lamprea, que deberán contar cunha autorización especial para cada temporada de pesca.

5. Non se permitirá para pescar a utilización de aparellos punzantes, agás na pesca da lamprea desde pontóns e logo de autorización da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes. Así mesmo, non se poderán utilizar artes de tirón e áncora, calquera que sexa a súa forma.

6. Queda prohibido o uso de cordeis, sedelas dormentes e palangres.

7. Prohíbese pescar con calquera clase de artes fixas, como redes de cope, voitiróns, e, especialmente, coas chamadas «de parada» para troitas, aínda que non se suxeiten a estacas, caneiros ou cer-

cas.

Capítulo II

Infraccións e sancións

Artigo 32. Clasificación.

As infraccións ós preceptos da presente lei clasifícanse en leves, menos graves, graves e moi graves.

Artigo 33. Infraccións leves.

Terán a consideración de infraccións leves e serán sancionadas con multa de ata 50.000 pesetas as seguintes:

1.— Pescar sendo titular dunha licenza válida de pesca cando non se leve consigo esta e un documento acreditativo da súa identidade.

2.— Pescar nun tramo acoutado, sendo titular do permiso regulamentario, cando non se leve consigo o devandito permiso.

3.— Non garda-las distancias establecidas regulamentariamente durante a práctica da actividade pesqueira.

4.— Pescar con máis canas das permitidas ou con utensilios auxiliares non autorizados regulamentariamente.

5.— Pescar entorpecendo ou molestado a outros pescadores cando estivesen previamente pescando.

6.— Non gardar, respecto doutros pescadores, mediando requirimento previo, unha distancia de 40 metros cando se pesca con ova, 30 metros con cola de rata ou 10 metros con outras modalidades de pesca.

7.— Deixar transcorrer máis de media hora sen cede-lo seu posto ou pozo a un pescador de salmón que o requirise para facelo, se ó transcorre-lo devandito prazo non se trabase un exemplar.

8.— Bañarse, navegar con lanchas ou embarcacións de recreo ou realizar actividades expresamente prohibidas entorpecendo a práctica das actividades reguladas por esta lei nos lugares onde o desenvolvemento de tales actividades fose declarado e sinalado como preferente.

9.— Non respecta-las limitacións de número, peso ou tamaño fixadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes para as capturas ou as prescricións especiais dictadas pola mesma para determinados treitos ou masas de auga.

10.— Descompoñe-los fondos ou leitos de ríos sen afectar a zonas de cría e reprodución da fauna acuícola.

Artigo 34. Infraccións menos graves.

Terán a consideración de infraccións menos graves e serán sancionadas con multa comprendida

entre 50.001 e 500.000 pesetas e inhabilitación para obter-la licenzia de pesca durante un ano as seguintes:

1.— Pescar sen licenzia.

2.— Empregar para a pesca embarcación ou aparellos boiantes legais que non estean provistos da matrícula expedida pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

3.— Utilizar, para extraer ou sacar da auga salmóns ou reos legalmente pescados, ganchos ou outros elementos punzantes que produzan feridas nos peixes.

4.— Ter nas marxes, ribeiras ou beiras do río redes ou artefactos de uso prohibido e produtos tóxicos ou explosivos cando non se xustifique razoadamente a súa aplicación a mesteres distintos da pesca.

5.— Pescar cangrexos con artes non permitidas ou empregando á vez cada pescador máis trueiros, rededores ou arañas dos que a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes determine.

6.— Pescar con cana ou outras artes autorizadas en zonas ou lugares vedados ou onde estea prohibido facelo.

7.— Pescar con cana en ríos salmoneiros e de reos de xeito que o pescador ou o cebo se sitúen a menos de 50 metros do pé das presas, agás as somerxidas, ou das entradas e saídas das escalas ou dos pasos, ou nas canles de restitu-

ción de auga de instalacións legalmente autorizadas, a excepción da pesca con mosca ortodoxa a menos de 20 metros.

8.— Pescar con cana ou outras artes autorizadas en época de veda.

9.— Pescar facendo uso de luces que faciliten a captura das especies, agás para a pesca da anguía e a lamprea.

10.— Pescar en tramos acoutados sen estar en posesión do permiso regulamentario.

11.— Pescar á man.

12.— ⁽¹⁾

13.— Remover ou perturbar as augas con ánimo de espantar os peixes e facilitar a súa captura.

14.— Empregar cebos de uso non permitido ou cebas nas augas con fins de pesca, excepto nas zonas en que isto fose autorizado pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

15.— Non restituír inmediatamente ás augas os pintos de salmón capturados, estivesen ou non con vida, ou calquera peixe que non fose capturado pola simple mordedura do cebo, senón da trabada do anzol en calquera parte do corpo deste.

16.— Non respectar as prescri-

cións contidas nas concesións ou autorizacións outorgadas polas autoridades competentes, nas materias propias desta lei.

17.— Empregar para a pesca de anguías e lampreas máis nasas das autorizadas por pescador.

18.— A tenencia, o transporte ou o comercio de salmóns e reos pescados no seu retorno cara o mar despois da desova.

19.— A transgresión das obrigas derivadas do disposto no artigo 27 desta lei.

20.— Negarse a mostra-lo contido dos cestos, embornais ou recipientes, así como os aparellos empregados para a pesca cando sexa requirido por axentes da autoridade competentes en policía, control e vixilancia das augas e da fauna acuícola.

21.— Descompoñer os fondos ou leitos dos ríos afectando a zonas de cría e reprodución da fauna acuícola.

22.— Cortar, destruír ou modificar de xeito significativo a vexetación acuícola e de ribeira sen autorización, sen prexuício do que estableza a lexislación especial.

23.— Extraer gravas, cascallos, areas e outros áridos dos leitos sen cumprilas condicións que, para efectos piscícolas, se sinalen na concesión outorgada polo organismo competente, sempre que non afecte a desovadoiros.

(1) Seu contido. Corrección de erros publicada no DOG núm. 176, do 9-9-1992.

24.— Guindar ou verter ás augas ou nas súas inmediacións lixo, inmundicias, desperdicios ou calquera outra substancia similar ás anteriores, sempre que as mesmas sexan susceptibles de causar-lles danos ós seres acuáticos, sen prexuício do disposto na lexislación medioambiental.

25.— A tenencia, o transporte ou a comercialización de especies acuícolas, excepto salmónidos, de tamaño menor ó regulamentario, ou de tamaño legal en época que estea vedada a súa pesca ou prohibida a súa comercialización, ou que non vaian amparadas polas guías, os precintos ou os sinais regulamentarios.

26.— Entorpecerlle-la inspección de barcas, vehículos, muíños, fábricas, lonxas e demais dependencias non destinadas a vivendas ós axentes da autoridade competente en policía, control e vixilancia das augas e a fauna acuícola, cando se sospeite fundadamente a existencia de medios ou substancias prohibidas ou especies que polo seu tamaño, época ou calquera outra circunstancia teñan prohibida a súa posesión.

27.— Entorpece-las servidumes de paso polas ribeiras e marxes establecidas en beneficio ou para o uso dos pescadores.

28.— Practica-la pesca con gafas subacuáticas.

29.— Colocarse de vixía durante a costeira do salmón e reo para

rexistrar e avisa-lo seu paso con fins de pesca ou valerse doutros medios para segui-los desprazamentos destes así como vixia-la presenza ou o movemento dos axentes da autoridade para facilita-la pesca fraudulenta practicada por outros pescadores.

30.— Entorpece-lo bo funcionamento das escalas ou dos pasos de peixes.

31.— Non conservar en bo estado as reixas instaladas con fins de protexe-la riqueza piscícola, cando disto se derive o non cumprimento da súa función, ou quita-los precintos colocados nas mesmas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

32.— Non manter en perfecto estado de conservación as obras realizadas polos concesionarios a instancia da Administración cando estas obras fosen executadas co fin de harmoniza-los intereses hidráulicos e piscícolas.

33.— Colocar nas presas táboas ou outros materiais co fin de altera-lo nivel das augas ou o caudal do río, a menos que haxa unha autorización para facelo outorgada polo organismo competente.

34.— Derrubar, danar ou cambiar de lugar os fitos ou chantos indicadores de deslindes de xurisdiccións, competencia ou propiedade, así como os carteis de tramos acoutados, vedados, zonas de baño, desovadoiros e outros sinais colocados pola Consellería de

Agricultura, Gandería e Montes ou por outro organismo autorizado.

35.— Poñer en funcionamento viveiros, criadeiras ou centros de piscicultura ou astacicultura sen a debida autorización da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

Artigo 35. Infraccións graves.

Terán a consideración de infraccións graves e serán sancionadas con multa comprendida entre 500.001 e 5.000.000 de pesetas e inhabilitación para obter a licenza de pesca durante un período de un ano e un día a tres anos as seguintes:

1.— Pescar no interior das escalas ou dos pasos de peixes.

2.— Practicar a pesca con redes en augas continentais sen estar en posesión da correspondente autorización concedida pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

3.— Pescar con redes nas inmediacións das desembocaduras dos ríos salmoneiros ou de reos, ou nos lugares de paso destes nas épocas prohibidas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes ou a de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

4.— Pescar dentro dos límites das rías e augas marítimas interiores da Comunidade Autónoma de Galicia salmón ou reo.

5.— Pescar utilizando artefactos

ou instrumentos de uso prohibido, tales como cordeis, sedelas dormentes, tridentes, harpóns, fisga (agás autorización para lamprea), setas, grampíns, harpóns de catro ou seis puntas, bingo, pesca subacuática, armas de fogo ou de aire comprimido e embarcacións non permitidas.

6.— Pescar utilizando peixes vivos como cebo, cando a especie que serve de cebo non estivese presente de forma natural na masa de auga onde se está pescando.

7.— Destruír ou alterar desova-doiros debidamente sinalizados.

8.— Pescar exemplares por persoa non autorizada nas estacións da captura, piscifactorías, canles de cría ou outros análogos.

9.— Provocar o enturbamento nas augas continentais mediante a incorporación ou remoción de áridos, arxilas, entullos, limos, residuos orgánicos ou industriais ou calquera outra clase de substancia que altere as súas condicións de habitabilidade piscícola, con dano para esta riqueza, sen a correspondente autorización.

10.— A formación de entullos en lugares que pola súa proximidade ás augas ou ós leitos sexan susceptibles de ser arrastrados por estas ou levados pola chuvia, co conseguinte dano para a poboación ictícola, salvo que reúnan as debidas garantías para impedir que se produzan danos á riqueza piscícola e fosen autorizadas polo órga-

no hidráulico da conca correspondente.

11.— Construír barreiras de pedras ou outros materiais, estacadas, cercados, atallos, caneiras, canizais ou pesqueiras con fins directos ou indirectos de pesca, así como colocar nos ríos artefactos designados a este fin, salvo os autorizados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

12.— Non cumpri-las condicións fixadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes para a defensa, a conservación ou o fomento da riqueza piscícola, cando aquelas fosen determinadas mediante acto que adquirise carácter de firmeza.

13.— Non instala-las reixas regulamentarias nas canles, nos regos e nas presas de derivación ou desaugamento e similares.

14.— A tenencia, o transporte e o almacenamento de salmón ou reo sen os precintos e as guías preceptivos.

15.— A comercialización de toda especie de salmónidos en calquera época do ano, cando non procedan de centros industriais ou cando, procedendo destes, non vaian debidamente identificados de xeito que permitan o seu control de procedencia.

16.— A resistencia ou a negativa a facilita-las inspeccións en locais públicos por calquera axente da autoridade co obxecto de efectua-las comprobacións oportunas sobre as posibles infraccións ó artigo 10.3 desta lei.

17.— Pescar cando medie resolución firme que inhabilite ó interesado para a obtención deste documento.

18.— Introducir nas augas continentais e transportar con estes fins ovos ou exemplares de peixes ou cangrexos doutros países ou comunidades autónomas sen autorización expresa da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes. Darlles entrada na Comunidade Autónoma a ovos ou exemplares de peixes, cangrexos e outros seres vivos piscícolas sen a correspondente autorización e control sanitario da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

19.— Pescar durante as horas que estea prohibido facelo.

20.—⁽²⁾

Artigo 36. Infraccións moi graves.

Terán a consideración de infraccións moi graves e serán sancionadas con multa comprendida entre 5.000.001 e 50.000.000 de pesetas e a inhabilitación para a obtención da licencia de pesca durante un período de tres anos e un día a dez anos as seguintes:

1.— Pescar facendo uso de enerxía eléctrica, produtos tóxicos ou desosixenantes, naturais ou

(2) Seu contido. Corrección de erros publicada no DOG núm. 176, do 9-9-1992.

artificiais, e explosivos ou substancias que ó contacto coa auga fagan explosión, salvo autorización expresa da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

2.— A non observancia do establecido no artigo 23 da presente lei, referente ós pasos e ás escalas.

3.— A inobservancia dos caudais ecolóxicos legalmente determinados, salvo autorización expresa.

4.— O vertido incontrolado de residuos tóxicos e perigosos para a fauna acuícola nas marxes e nos leitos.

5.— A obstrución á inspección e ó control sobre a produción, transporte, almacenamento, tratamento, recuperación e eliminación de residuos tóxicos e perigosos que teñan ou poidan ter incidencias sobre a calidade das augas e biocenose dos cursos fluviais e das masas de augas da Comunidade Autónoma.

6.— O falseamento de calquera dato referido ás operacións de produción e xestión de residuos tóxicos e perigosos, así como a negativa a subministra-la información solicitada pola Administración pública competente.

7.— Esgotar ou diminuír notablemente o volume de auga dos encoros e das canles, así como a circulante polo leito dos ríos, sen autorización, ou o incumprimento das condicións que para estes efectos se fixasen cando deste se

deriven danos á riqueza piscícola.

8.— Altera-lo caudal dun leito fluvial sen cumpri-lo establecido no parágrafo terceiro do artigo 22.

9.— Repoboar ou introducir nas augas continentais especies acuícolas sen a autorización da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

10.— Instalar ou trasladar, sen permiso da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e das entidades ou dos particulares autorizados para facelo, as piscifactorías, as estacións de captura, os aparellos de incubación artificial, os capturadeiros ou outros análogos, así como o seu dano ou prexuício.

Artigo 37. Sancións a explotacións industriais.

No caso concreto de explotación ou construción de viveiros ou centros de piscicultura ou de instalacións destinadas en xeral a algunha das actividades a que se refire esta lei sen a debida autorización da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, a sanción levará sempre aparelhada a suspensión das actividades e, se é o caso, o peche definitivo da instalación se non reunise os requisitos para ser autorizada, así como a obriga de repoñer ó seu estado inicial os leitos e as masas acuícolas afectados.

Artigo 38. Gradación das sancións.

1. Serán circunstancias que hai que ter en conta para a gradación das sancións que se poidan impoñer nas distintas clases de infraccións:

- a) A intencionalidade.
- b) O dano producido á riqueza piscícola ou ó seu hábitat.
- c) A reiteración ou reincidencia.
- d) A agrupación ou organización para comete-la infracción.
- e) O beneficio económico perseguido.
- f) A irreversibilidade do dano no ben protexido.

2. Se un só feito constitúe dúas ou máis infraccións administrativas impoñerase a sanción que corresponda á de maior gravidade.

Capítulo III

Procedemento sancionador

Artigo 39. Competencia.

Correspóndelle á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes o coñecemento e a resolución dos expedientes instruídos por infraccións dos preceptos obxecto desta lei.

Artigo 40. Procedemento sancionador.

1. O procedemento sancionador axustarase á Lei de procedemento administrativo, coas especialida-

des contempladas na presente lei.

2. A iniciación e instrucción dos expedientes sancionadores correspóndelles ás delegacións provinciais da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

3. A resolución dos citados expedientes corresponderá:

- a) No suposto de infraccións leves e menos graves, ó delegado provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.
- b) No suposto de infraccións graves, ó director xeral de Montes e Medio Ambiente Natural.
- c) No suposto de infraccións moi graves, ó conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes.

4. A resolución destes expedientes, ademais da sanción que se é o caso proceda, levará aparelladas as medidas que se fixen para minorar ou solucionar-los efectos negativos.

5. Cando as accións ou omisións obxecto da infracción poidan ser constitutivas de delitos ou faltas, o órgano competente daralle traslado dos feitos á autoridade xudicial.

Neste caso, se se incoase expediente administrativo, este quedará en suspenso en tanto non recaia resolución xudicial e a mesma adquira firmeza.

Se a autoridade xudicial correspondente resolve que as accións ou omisións non constitúen delic-

to ou falta, alzarase a suspensión do expediente administrativo, e continuarase o procedemento ata a súa resolución.

A tramitación das dilixencias xudiciais interromperá a prescripción das infraccións, accións e responsabilidades.

Artigo 41. Recursos.

Contra as resolucións dictadas polas autoridades facultadas para sancionar poderanse interpoñer-las recursos establecidos na Lei de procedemento administrativo. A resolución do conselleiro poñerá fin á vía administrativa.

Artigo 42. Multas coercitivas.

Cando os infractores viñesen obrigados a reparar persoalmente o dano ou a non efectuar unha actividade en beneficio do ben xurídico protexido e incumprisen a dita obriga, poderán ser obxecto de reiteradas multas coercitivas ata conseguilo seu cumprimento.

A primeira imposición da multa caberá cando transcorrese o prazo fixado na resolución administrativa para a satisfacción da obriga. Aquela repetirase cada vez que transcorra un prazo similar sen efectuarse a reparación ou abstenición.

A contía das multas coercitivas será un tercio da sanción pecuniaria imposta con motivo da infracción.

Artigo 43. Prescripción.

As infraccións ós preceptos desta lei prescribirán, as leves e menos graves ós seis meses, e as graves e moi graves ós doce meses, contados desde a data da súa comisión, se antes de transcorrello devandito prazo non se lle notificou ó presunto infractor a incoación do expediente sancionador ou se, ó iniciarse este, se produciase a paralización das actuacións por tempo superior ós anteditos prazos.

As responsabilidades derivadas da infracción desta lei prescriben ós dous anos, contados a partir da data na que a sanción sexa firme.

Capítulo IV

Indemnizacións e comisos

Artigo 44. Indemnizacións.

1. As sancións serán compatibles coa existencia ó infractor da indemnización correspondente polos danos e perdas que se lles causasen á riqueza ictícola ou ó medio que a sustenta.

2. O órgano competente procederá á valoración en cada caso dos danos e perdas causados pola infracción, tendo en conta para a valoración dos prexuícios o potencial productivo da masa de auga.

3. En caso de que a infracción

afecte a un couto que sexa explotado por un organismo, sociedade ou particular distinto da Administración, deberáselle aboar ó mesmo a indemnización por danos e perdas.

4. O importe das indemnizacións deberase destinar a melloras para paliar os danos ocasionados á masa fluvial.

Artigo 45. Ocupación de pezas.

Se ó face-la ocupación as pezas tivesen posibilidades de sobrevivir, o axente denunciante devolveraas ó seu medio, a ser posible ante testemuñas, e levantarase acta, que se unirá ó expediente sancionador.

Cando as pezas ocupadas estean mortas ou non teñan posibilidades de sobrevivir, estas entregaranse mediante recibo, que se unirá á denuncia, a un centro benéfico e no seu defecto á Alcaldía que corresponda, con idéntico fin.

Artigo 46. Comiso.

1. Sen prexuício das responsabilidades establecidas nesta lei, poderán caer en comiso tódolos aparellos, artes, utensilios, instrumentos, substancias e embarcacións empregados para a comisión dalgún dos feitos tipificados como infraccións menos graves, graves ou moi graves nesta lei.

2. Cando o seu uso estea declarado ilícito, serán destruídos e levantarase a correspondente acta, e se o seu uso fose lícito deposita-

ránse nas dependencias da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes para a súa devolución ou rescate ou para a súa cesión en pública subhasta, de acordo coa resolución do expediente sancionador.

As contías económicas obtidas pola cesión das artes, dos aparellos ou dos medios empregados de forma ilícita serán destinadas pola Administración á mellora da riqueza piscícola.

Disposición adicional

No que atinxe ó tramo internacional do río Miño esta lei será aplicable mentres non se opoña ó disposto polo Troco de Notas do 22 de xuño de 1968, celebrado entre o Ministerio español de Asuntos Exteriores e a Embaixada de Portugal en Madrid.

Disposición transitoria primeira

Os expedientes sancionadores xa iniciados ó amparo da lexislación anterior continuarán tramitándose pola mesma ata a súa resolución.

Disposición transitoria segunda

As licencias e os permisos de pesca expedidos con anterioridade á entrada en vigor da presente lei manterán a súa validez ata a fin do seu período de caducidade.

Disposición transitoria terceira

Establécese un prazo de seis meses, ampliable en supostos xustificados, que se contará desde a entrada en vigor desta lei, para a adaptación das instalacións, dos instrumentos e doutros mecanismos ás disposicións que supoñan unha innovación respecto da lexislación anterior.

Disposición transitoria cuarta

En tanto o órgano competente non determine o caudal ecolóxico, entenderase por tal o dez por cento do caudal medio anual.

Disposición derradeira primeira

Facúltase ó Consello da Xunta para que, mediante decreto, actualice as contías das sancións previstas na presente lei, de acordo coa evolución do índice de precios ó consumo.

Disposición derradeira segunda

No non previsto nesta lei e con carácter supletorio aplicarase o disposto na Lei de pesca fluvial do 20 de febreiro de 1942 e no regulamento para a súa aplicación.

Disposición derradeira terceira

Autorízase ó Consello da Xunta para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación da presente lei.

Disposición derradeira cuarta

A presente lei entrará en vigor ós tres meses da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de xuño de 1992

Manuel Fraga Iribarne
Presidente